



# Altamira



Concello de Brion  
www.concellodebrion.org


**CONCELLO DE BRION**

**AGOSTO - 2010**

**ANO - XXV**

**Nº 79**

**Nº ESPECIAL 25 ANIVERSARIO**



CONCELLO DE BRION  
(EXEMPLAR GRATUITO) Nº 0

**PORTADA DO Nº 0 DA REVISTA  
ALTAMIRA DE AGOSTO DO  
ANO 1985**



# OS NOSOS enderezos

## **BIBLIOTECA MUNICIPAL**

Carballeira de Santa Minia, nº 5  
15865 - Brión  
Tel./Fax.: 981 50 99 69

## **CASA DA CULTURA**

Carballeira de Santa Minia, nº 5  
15865 - Brión  
Tel.: 981 50 99 08  
Fax.: 981 50 99 69

## **CASA DO CONCELLO**

Carballeira de Santa Minia, nº 2  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 70 06  
Fax.: 981 88 74 31

## **CEIP PEDROUZOS**

Rúa Paseo de Pedrouzos, nº 5  
15865 - Brión  
Tel./Fax.: 981 88 70 80

## **CENTRO DE SAUDE**

Rúa das Pedriñas, nº 3  
15865 - Brión  
Tel. Liña 1: 981 88 77 01  
Tel. Liña 2: 981 88 77 02

## **CENTRO SOCIAL POLIVALENTE**

Avda. de Santa Minia, nº 46  
15865 - Brión  
Tel.: 981 50 99 10  
Fax.: 981 50 99 78

## **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

Agro Novo, nº 125  
15280 - Os Anxeles  
Tel.: 981 88 77 42

## **ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA**

Avda. de Santa Minia, nº 70  
15865 - Brión  
Tel.: 981 50 99 08

## **FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ, E.**

Avda. dos Anxeles, nº 36  
15280 - Os Anxeles  
Tel.: 981 88 72 01

## **FARMACIA NUÑEZ PEREZ, B.**

Avda. de Santa Minia, nº 75  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 70 30

## **GARDA CIVIL**

Rúa das Pedriñas, nº 5  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 70 11

## **IES BRIÓN**

Rúa Paseo de Pedrouzos, nº 2  
15856 - Brión  
Tel.: 981 88 18 17  
Tel.: 981 88 58 99

## **OFICINA DE URBANISMO**

Carballeira de Santa Minia, nº 2  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 70 06  
Fax.: 981 88 74 31

## **POLICÍA LOCAL**

Carballeira de Santa Minia, nº 2  
15865 - Brión  
Tel.: 981 89 34 74  
Fax.: 981 88 74 31

## **POLIDEPORTIVO MUNICIPAL**

Lamiño, s/n  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 76 53

## **SERVIZO DE AUGAS**

Urb. Agro Novo, nº 126 Baixo  
15280 - Os Anxeles  
Tel.: 981 88 78 51

## **SERVIZO DE EMERXENCIAS**

Lamiño, s/n  
15865 - Brión  
Tel.: 629 87 15 42  
Fax.: 981 88 75 23

## **XULGADO DE PAZ**

Rúa das Pedriñas, nº 5  
15865 - Brión  
Tel.: 981 88 72 71

2 | Concello de Brión

Edita:  
Concello de Brión  
Redacción, deseño e maquetación:  
Concello de Brión e Nós Comunicación  
Fotos:  
Arquivo Municipal e Nós Comunicación  
Imprime:  
Litonor Artes Gráficas  
Mail:  
revistaaltamira@infobrión.com

# Altamira

Revista Municipal do Concello de Brión

DEPÓSITO LEGAL: C-827-85



**José Luís García García**

**Alcalde do  
Concello de Brión**

## AVANCE

Este número de agosto de 2010 é moi especial para todos os que levamos traballando estes 25 anos nesta revista "Altamira". Unha publicación que recolle o nobre ideal que encerra o significado do seu nome, "altas miras", e que leva xa un cuarto de século a disposición de todos os veciños e veciñas de Brión. Vintecinco anos nos que gañou un sitio nos nosos corazóns.

Ademais, neste número damos un repaso ás obras que se están a levar a cabo en Brión, entre as que destaca a nova Casa do Concello, que poderás visitar o vindeiro 1 de outubro, nunha xornada de portas abertas. Así mesmo, recolle-mos todo o programa festivo, cultural e deportivo para os vindeiros meses, cun tríptico anexo á revista coa programación da Romaría de Santa Minia, con novas actividades que agardo que disfrutedes.

RECIBIDE UN CORDIAL SAÚDO

contidos

**Paxs. 3-5 ESPECIAL 25 ANOS**

**Paxs. 5 - 11 ACTUALIDADE**

**Paxs. 12 - 13 BRIONESES**

**Paxs. 14 - 15 SERVIZOS SOCIAIS**

**Paxs. 16 - 20 CULTURA E DEPORTES**

**Pax. 21 HISTORIAS E LENDAS**

**Pax. 22 PASATEMPOS / HUMOR**

**Pax. 23 CURIOSIDADES / NA PRENSA**



ESPECIAL 25 ANIVERSARIO

# “Altamira”, 25 anos no corazón dos brioneses

A revista municipal de Brión vía a luz no mes de agosto de 1985

“Altamira ten, na súa pre-tensión orixinal, a altiveza que o seu histórico nome evoca en todos nós”. Con estas palabras iniciaba a súa andaina a revista “Altamira” en agosto de 1985, o que a converte nunha das máis ilustres veteranas no mundo das publicacións municipais en Galicia.

Como non podía ser doutro xeito, as torres ás que esta revista debe o seu nome eran o motivo da fotografía da portada, en branco e negro como todas elas ata o ano 2005 (especialmente porque daquela a cor era un elemento de luxo que encarecía unha publicación que, por outra banda, dende os seus inicios foi repartida de balde). Pero xa nese mes de agosto de 1985 esta revista nacía coa idea de converterse nun instrumento de información ao servizo dos veciños e veciñas. “Un medio a disposición de todos e, por tanto, a todos cumpre coidala”, dicía o editorial dese primeiro número, que sinalaba que “para manter esta publicación son necesarias tantas mans como mans estén dispostas a lela”.

## Vodas de prata

Unha afirmación que aínda hoxe en día está vixente, pois se a nosa revista está a celebrar as súas vodas de prata é precisamente porque dende os seus inicios “Altamira” foi acollida polos brioneses como “nosa”, como unha publicación que “chegue a todos cunha mensaxe que nos leve xunguidos a un maior aproveitamento dos nosos recursos, un maior coñecemento da nosa valía e das nosas posibilidades e, finalmente, un maior acercamento a uns modos de convivencia e desenvolvemento que nos fagan sentir cada vez máis persoas”, como



ben recolle o editorial da primeira revista.

E todo isto utilizando o galego pois, como asegura Luciano Pena, un dos “pais” desta revista e integrante do seu Consello de Redacción dende o seu inicio, “Altamira fixo moitísimo pola normalización do galego. Nunha época na que o galego non tiña un recoñecemento, no que a nosa lingua estaba afastada dos medios de comunicación, nós tivemos dende o principio claro que Altamira se escribiría en galego. E estou convencido de que axudou moito á normalización do noso idioma entre os veciños e veciñas de Brión”.

Ao longo deste número especial imos mirar un pouco o embigo e facer un percorrido por eses 25 anos de reportaxes, entrevistas e artigos. Unha mirada que non é egocéntrica, xa que “Altamira” somos todos, polo que isto non é máis que percorrer a nosa evolución ao longo dos últimos vinte e cinco anos.

## As orixes de “Altamira”

O cerne da revista “Altamira” atopámolo nunha serie de publicacións anuais que o Concello publicou entre 1980 e 1984. Unhas pequenas revistas (cunhas medidas que eran a metade da actual) en branco e negro, con debuxos de Suso de Toro, que se denominaban xenéricamente “Axuntamento de Brión”.

Esta denominación, por certo, mesmo foi obxecto dunha curiosa nota no número de 1983, na que se especificaba que: “asegún a opinión dos técnicos, en galego non é correcta a palabra axuntamento. Desde agora hase chamar CONCELO ó término municipal e máis á reunión dos concellos; o edificio do concello chámase CASA DO CONCELO”.

Estas publicacións eran



basicamente un recopilatorio das actividades anuais realizadas en Brión, así como un adiando dos proxectos previstos para o ano seguinte. Iso non impediu que as ansias por divulgar novos temas, tan presente na revista “Altamira”, non estivese presente neses primeiros anos. De feito, nos números de 1980 e 1981 mesmo atopamos interesantes reportaxes sobre os hórreos na Amaía.

# Unha publicación ao servizo dos veciños

Dende os seus inicios, "Altamira" soubo combinar a información municipal con reportaxes e artigos de opinión sobre temas de candente actualidade

Nestes 25 anos, "Altamira" ten mellorado en moitas cousas. Así, en marzo de 1991, a revista comezou a facerse por ordenador, polo que se gañou en axilidade e desapareceron moitos dos problemas que os seus creadores tiveron nos primeiros 18 números (e que podes ler na entrevista deste mesmo número). E catro anos máis tarde, a cor irrumpía en toda a revista. Incluso o propio logotipo de "Altamira" foi modificado en varias ocasións.

Sen embargo, houbo elementos que non cambiaron dende aquel mes de agosto de 1985. En primeiro lugar, a utilización do galego e, sobre todo, a ligazón de "Altamira" aos problemas da realidade brionesa. E non estamos a falar únicamente da información sobre a actividade municipal e das máis de setenta entrevistas realizadas a veciños e veciñas, senón tamén "de moitas reportaxes e artigos de opinión nos que dende Altamira mesmo nos adiantabamos ao resto dos medios de comunicación", apunta Alberte Álvarez, membro do Consello de Redacción. Na actualidade hai moitos medios para recibir información, especialmente na Internet, pero "cando en Galicia ningunha radio ou televisión falaba da SIDA, Altamira xa saíra cunha ampla reportaxe sobre o tema", lembra Álvarez Escudero.

## O monte, tema pendente

Un deses temas nos que "Altamira" foi pioneira foi á hora de analizar os lumes forestais, tema que por desgraza saíra a colación en numerosos números máis. Juan Ramón Pais, coordinador de "Altamira" entre 1985 e 2004, lembra a entrevista realizada a Rafael



A rápida actuación dos medios contra incendios evitou que as lapas entraran nas casa de Adoufe



Guitiandé (Os Ánxeles) foi a localidade máis afectada polos lumes neste verán de 2010

Fernández Vázquez, xefe do destacamento de aviacións contra os lumes de Santiago que residía en Brión. "Eran tempos nos que empezaba a falarse dos lumes e me quedou gravado como este experto sinalaba que para loitar contra os incendios era preciso eliminar a maleza dos montes e crear dispositivos que o fixeran, pois o que había aló non era senón gasolina. Así, o potencial incendiario crecía cos anos e, por iso, cada catro ou cinco anos Galicia sofre unha

ola de grandes lumes", apunta Pais Andrade.

Uns vaticinios que non fan máis que cumprirse. Tras a vaga de lumes do 2006, neste verán de 2010 as lapas chegaron ás portas das vivendas dos veciños de Guitiandé e Adoufe. A actuación dos servizos de emerxencias do Concello e da Xunta, canda a inestimable colaboración veciñal, evitaron que as vivendas se visen afectadas. Uns lumes provocados na súa orixe (a tenor dos dis-

tintos focos de orixe), pero nos que a razón da súa rápida extensión hai que buscala no progresivo abandono do monte, que deixou de ser de interese produtivo, e á falla duns medios de prevención que se adiquen á limpeza do mesmo durante todo o ano. E mentres dende a Xunta non se articulen políticas forestais para o coidado do monte, seguro que esta non será a última vez que falemos de lumes nesta revista. E moito ollo, que aínda queda setembro.

ESPECIAL 25 ANIVERSARIO

# O Consello de Redacción, os "pais" da criatura

Catro empresas se encargaron da redacción e maquetación desta revista, cuxa elaboración foi asumida unicamente polo Concello dende o ano 2007

Se "Altamira" soubo manter os seus sinais de identidade durante estes 25 anos é, en gran medida, grazas ao seu Consello de Redacción. De feito, nel mesmo permanecen dous membros "fundadores" como son o alcalde Xosé Luís García e o tesoureiro Luciano Pena. Canda eles figuran outros dous membros que tamén atesouran moitos anos á fronte desta revista, como son Alberto Álvarez, técnico de Cultura, e Victoria Varela, responsable de Servizos Sociais. Catro veteranos aos que nestes últimos anos se sumaron novas incorporacións, como Dora Vieiro, técnica de Voluntariado; e Xulio Mallo, que se encarga da maquetación da revista.

Precisamente, Victoria Varela lembra con especial cariño as reunións deste Consello de Redacción e como foron cambiando ao longo do tempo. "Nun principio se facían pola tarde, no noso tempo libre e duraban varias horas", sinala Varela Rodríguez, quen mesmo apunta que al-



**Membros actuais do Consello de Redacción de "Altamira":**  
Xosé Luís García, Luciano Pena, Alberto Álvarez,  
Victoria Varela, Julio Mallo e Dora Vieiro

ha das reunións rematou ben entrada a noite.

Un punto que tamén recorda con especial cariño o primeiro coordinador de "Altamira", Juan Ramón Pais, quen destaca que "era un Consello de Redacción moi plural, todos convencidos de que a democracia melloraría a calidade de vida dos cidadáns". Pais Andrade lembra como "anlizabamos cada tema, buscando non ferir a ninguén pero que tampouco fose un canto de alabanzas". Algo que se pode apreciar nas entrevistas realizadas baixo o nome de "Brioneses", onde apareceron

dende primeiros espadas da política, pasando por personalidades da cultura ata o máis humilde dos veciños de Brión que tivese algo que contar. E todos eles, sen excepción, foron tratados co mesmo respecto.

## Medio pioneiro


Un respecto que tamén tivo dende o primeiro momento a nosa lingua. Así, Luciano Pena lembra como a revista contribuíu á normalización do galego entre os veciños. Finalmente, Alberto Álvarez apunta como "Altamira" foi sempre un espello da sociedade brionesa e que "en moitos momentos mesmo ía por diante, presentando temas para o debate cando aínda non estaban no resto dos medios de comunicación".

A todos eles, así como ás moitas persoas que escribiron ou colaboraron dalgún xeito coa revista ao longo destes 25 anos e aos fieis lectores, debémoslles que "Altamira" sexa hoxe o que é: "un medio a disposición de todos e que, por tanto, a todos compre coídala". Frase escrita no editorial de hai un cuarto de século, pero que segue a ter a mesma vixencia. E que sexa por moitos anos!.

## Os responsables de "Altamira"


- Juan Ramón Pais

Andrade, "Mon". Coordinador da revista dende o seu nacemento, en 1985, ata finais do ano 2004.



- Vía Láctea Comuni-

cación. Empresa compostelán que se encarga da redacción e maquetación da revista entre 2005 e 2006.




- Local Force. Empresa

que, a través da xornalista Ana Valín, se fai cargo de "Altamira" entre os anos 2006 e 2007.



- Concello de Brión.

O Concello asume a redacción e a maquetación da revista no número 67. Maquetación que é responsabilidade de Julio Mallo que, dende agosto de 2007 ata a actualidade, conta coa colaboración da axencia Nós Comunicación para temas de redacción e fotografía.



# O Concello habilita unha área para que a Xunta poida acometer a ampliación do centro de saúde

**O alcalde reuniuse con responsables da Consellería de Sanidade para ver a posibilidade de implantar en Brión a especialidade de Odontoloxía**

A tan agardada, como necesaria, ampliación do centro de saúde de Brión semella que vai polo bo camiño. Despois de anos de negociacións entre o Concello e a Xunta, a recente reunión do alcalde de Brión, Xosé Luís García, co xerente de Atención Primaria de Santiago, José Javier Ventosa Rial, seme-

lla que servíu para darlle o último empurrón ao proxecto.

De feito, o Concello xa procedeu a despexar o terreo colindante co centro de saúde para poñelo a disposición da Consellería de Sanidade para que leve a cabo a ampliación do centro de saúde, un inmo-

ble cuxa titularidade foi cedida recentemente en pleno ao Sergas. Esas obras supuxeron realizar uns traballos de desmonte na zona e o derrubamento do garaxe da Garda Civil que houbo que cambiar de sitio.

## Odontoloxía en Brión

Nesa reunión, o alcalde e o xerente de Atención Primaria de Santiago tamén debatiron a posibilidade de que a medio

prazo o centro brionés ofrezca a especialidade de odontoloxía. “É unha proposta que está en estudo e a intención, tanto da Consellería de Sanidade como do Concello de Brión, é levalla adiante”, explica Xosé Luís García.

Un servizo de odontoloxía ao que terían dereito non só os veciños de Brión, senón tamén os pacientes adscritos ao centro de saúde de Bertamirás.



O Concello xa realizou un desmonte para que a Xunta poida ampliar o centro de saúde brionés

## As obras de construción da piscina cuberta municipal avanzan a bo ritmo



Vista xeral das obras da piscina cuberta municipal, situada en Lamiño fronte ao polideportivo

As obras de construción da piscina cuberta climatizada municipal de Brión marchan a bo ritmo, polo que dende o Concello esperan que poidan estar rematadas incluso antes de fin de ano. Operarios da UTE Manuel Rodríguez Lema e Fergo Galicia SA, empresa adxudicataria dos traballos por un importe de 1.126.000 euros, comezaron a traballar a finais de maio.

Deste xeito, Brión converterase no primeiro concello de menos de 10.000 habitantes da provincia da Coruña en dispor dunha piscina cuberta. Unha instalación que contará tamén con dúas saunas e ximnasio.

# A Deputación aproba investir máis de 626.000 euros no acondicionamento da travesía de Vilar

As obras inclúen a construción de beirarrúas, recollida de pluviais, melloras no alumeadado público e a limitación da velocidade no cruce

Os veciños e veciñas do Vilar verán como mellora a súa seguridade viaria nun dos puntos negros do municipio: o cruce da CP-1301 da Gándara a Amañecida e da CP-1302 de Negreira a Urdilde. O pleno da Deputación da Coruña vén de aprobar o proxecto actualizado da travesía de Vilar, orzamentado en máis de 626.000 euros subvencionados a través do Plan de Travesías da institución provincial.

O alcalde Xosé Luis García amosa a súa satisfacción por este acordo, que xurde “despois dunha reunión cos veciños propietarios, na que se chegou a un acordo para que cedesen os terreos, de xeito que a Deputación se fará cargo das obras de reposición dos muros e se axilizará a obra, ao non ter que recurrir a ningunha expropiación”. De feito, os cambios sobre o proxecto orixinal consisten na variación das cuantías de certas partidas e na inclusión dun novo capítulo orzamentario adicado á reposición de peches.

## Beirarrúas e pluviais

As obras terán unha duración de doce meses. Incluirán unha actuación ao longo de 804 metros, nos que está proxectada unha travesía de dous tramos, cun ancho total de 8 metros. Oito metros de ancho nos que se inclúen 3,5 metros para a calzada, arcén de 0,5 metros, dous metros reservados para zona de aparcamento e beirarrúas de dous metros. Unhas beirarrúas que terán base de formigón de 10 centímetros de espesor, cun borde de formigón de 14x20 centímetros e pavimento de baldosa hidráulica de 30x15x25 cm.

Así mesmo, o proxecto in-



As obras mellorarán a seguridade viaria dos vehículos e dos peóns que circulan por Vilar

clúe a instalación de saneamento de pluviais, xa que na zona xa existen as instalacións de saneamento de fecais, abastecemento de augas e alumeadado público. Así instaláranse tuberías de recollida de pluviais de PVC de 400 milí-

tros que estarán conectadas a pozos de rexistro, de xeito que se garanta a evacuación da auga e facilite a eliminación de posibles obturacións.

Ademais, para solventar as deficiencias existentes no

alumeadado público da zona, executarase un novo alumeadado en condución soterrada. Finalmente, e para mellorar a seguridade vial neste cruce, a travesía quedará limitada a unha velocidade de 50 quilómetros/hora.

## Melloras na seguridade viaria entre Liñares e o cruce dos Ánxeles

Quen tamén están de noraboia son os veciños de Liñares, pois a Deputación vén de aprobar o proxecto técnico das obras de ampliación e mellora da seguridade viaria na CP-1301, da Gándara á Amanecida. Concretamente, as obras terán lugar nos primeiros 300 metros desta estrada, comprendidos entre a rotonda dos Ánxeles e a travesía de Liñares. Unhas melloras que a bo seguro agradecerán os peóns destas aldeas que se desprazaban ata a estrada Santiago-Noia para coller o bus.

No proxecto, a Deputación investirá case 140.000 euros, que se sumarán aos máis de 137.000 euros que se destinarán a expropiacións para a mellora doutro dos tramos desta estrada, o que separa Liñares e Vilar.

Uns proxectos para o que xa se ten solicitado á Xunta a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación, de xeito que as obras poidan comezar canto antes.



Os traballos mellorarán o acceso á estrada Santiago-Noia dende a CP-1301

## O Concello repara as gradas e a pista polideportiva do colexio de Pedrouzos

O Concello está a acometer a reparación e mellora das gradas e da pista polideportiva do colexio de Pedrouzos. Unhas obras orzamentadas en 45.000 euros, financiadas ao abeiro do Fondo Estatal para o Emprego, e que estarán rematadas xusto a tempo para seren estreadas co inicio do curso escolar.

As melloras centráronse nos graderíos e na pista de fútbol sala, que presentaban un maior deterioro. Os traballos consistiron na instalación dunha nova capa de formigón pulido de 8 centímetros de espesor na pista de fútbol sala. Un novo pavimento que lle dará unha maior dureza pero que non é abrasivo, polo que é óptimo para a práctica do deporte. Aos graderíos déuselles un tratamento de formigón para recuperalos, ao tempo que se repararon as canaletas

para a recollida de pluviais, que se conectaron coa rede xeral.

### Pistas de baloncesto

Estes problemas coa recollida de pluviais non estaban contemplados inicialmente, polo que para solventalos houbo que incrementar o orzamento previsto. Por iso, o Concello dirixiuse á Consellería de Educación para pedir a súa colaboración, tal e como ten feito noutros municipios, no arranxo da pista de baloncesto.

O alcalde, Xosé Luís García, explica que “estas obras non son simple conservación, son obras de infraestrutura que supoñen un investimento moi importante”, polo que considera que “a Xunta debería axudar na pista de baloncesto”. No caso contrario, o Concello as incluírá nos orzamentos de 2011.



## Rematadas as obras no entorno da praza do Paseo de Pedrouzos

O Concello vén de rematar os traballos de rehabilitación do almacén municipal situado a carón do IES Brión, unha obra coa que dá por finalizada a urbanización do Paseo de Pedrouzos. Os traballos custaron máis de 80.000 euros e incluíron a reurbanización do Paseo de Pedrouzos (que foi dotado de novas beirarrúas, alumeadado público e rede de saneamento), así como a construción dunha nova praza pública, situada fronte ao centro de saúde.

A praza pública ocupa o espazo no que antes se situaba un galpón municipal, que foi derruído. Así, os veciños que

teñen que acudir ao médico teñen un lugar de esparcemento a carón do centro de saúde.

### Características da praza

A nova praza conta con dúas alturas, unidas por unhas escaleiras. A parte alta consta dunha bancada e dunha pequena zona verde con árbores. Na parte baixa, están ubicados bancos, papeleiras e unhas árbores novas. Ao seu carón, o Concello habilitou unha pequena zona para aparcamento, que incrementa o número de prazas dispoñibles no entorno do centro social polivalente e do centro de saúde.

**PIROTECNIA LOPEZ**

Pirotecnia LÓPEZ, S.L.  
Lugar de Gútiande - Os Ánxeles, s/n  
15280 BRIÓN [A Coruña]  
www.pirotecnialopez.com  
info@pirotecnialopez.com

**REBOIRAS CLINICA DENTAL**

Centro Comercial Montebalado  
2ª planta - Local 6  
Os Ánxeles-Brión  
A CORUÑA

- \*Odontoloxía xeral e estética dental
- \*Implantes dentales
- \*Cirurxía Oral
- \*Ortodoncia

Tel/Fax: 981 88 72 80  
www.clinicareboiras.com



# A nova casa do concello abrirá as súas portas despois das festas de Santa Minia

O novo edificio permitirá ofrecer un mellor servizo aos veciños e veciñas de Brión

As festas de Santa Minia traerán consigo a inauguración da nova casa do concello, prevista para o venres 1 de outubro, cunha xornada de portas abertas. Non sabemos se foi por intermediación da Santa, pero a inauguración chega bastantes meses antes do previsto, xa que inicialmente se falou de finais de 2010 ou principios de 2011 como a data de finalización das obras.

O investimento de 940.000 euros na rehabilitación da Casa do Picón deu pé a unha casa consistorial moito máis ampla e funcional, adaptada ás novas tecnoloxías e libre de barreiras arquitectónicas, de xeito que será moito máis accesible aos veciños, que recibirán un mellor servizo.

No baixo do inmoble ubícanse as oficinas de atención

ao público, que gañarán en espazo con respecto ás actuais. Nesta planta situaranse tamén os servizos de Secretaría, Tesourería e Intervención. Na planta alta estarán ubicados a Alcaldía, o rexistro de urbanismo, o arquitecto e o aparelador. Finalmente, a planta baixo cuberta acollerá o salón de plenos, así como tres salas para os diferentes grupos políticos.

No seu exterior, a casa do concello contará cunha nova praza de 825 metros cadrados, construída grazas aos 94.500 euros aportados pola Deputación Provincial. Así mesmo, a contorna da casa consistorial brionesa disporá tamén dun novo alumeadado público e de contedores soterrados de recollida selectiva do lixo, que evitarán malos cheiros na zona.



**Nova praza.** O Concello está a investir 94.500 euros do Plan de Obras e Servizos 2010 da Deputación na pavimentación e acondicionamento da praza da nova casa do concello.



**Edificio sen barreiras.** O novo concello é un edificio libre de barreiras arquitectónicas. Á rampla de entrada únese un ascensor para acceder sen problemas a todos os departamentos.



**Contedores soterrados.** Diante da casa do concello están instalados contedores soterrados de lixo, que eliminarán cheiros e facilitaranlles a reciclaxe aos veciños de Pedrouzos.



**Casa do Picón.** A construción da nova casa do concello permitiu rehabilitar un dos edificios máis significativos de Brión, a Casa do Picón, e supuxo un investimento de 940.000 euros.



# O Concello esixirá a posta en marcha do novo transporte metropolitano dende setembro

“Non hai desculpas, xa pasou suficiente tempo para a posta en marcha do novo transporte metropolitano e xa todos os alcaldes lle comunicamos á Xunta que en setembro iamos esixir que entre en funcionamento cos horarios e prezos acordados”, apunta o alcalde Xosé Luís García. O primeiro edil brionés considera que “xa pasou suficiente tempo dende a última negociación; dixeron que entraría en servizo en xuño e seguimos na mesma. Queremos que o poñan en marcha xa como sexa”.

E é que cando todo semellaba finalmente resolto, e o Concello mesmo asinara un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento do transporte metropolitano, a Xunta alegou unha diferenza co Concello de Santiago para retrasar unha vez máis a entra-



Co novo sistema de transporte metropolitano, todos os veciños pagarán o mesmo polo billete: 0,72 €

da en vigor deste acordo. Un acordo que, cando entre en vigor, permitirá que todos os veciños de Brión paguen 0,72 céntimos polo billete. É dicir, o prezo será igual para todos, independentemente do lugar onde vivan. Un exemplo, en Cornanda custa 3,05 euros o mesmo billete que nos Ánxeles custa 0,72 euros.

Un aforro ao que hai que engadir a posibilidade de poder coller co mesmo billete un autobús urbano en Santiago, punto de discrepancia nas últimas negociacións, ademais das distintas tarifas especiais para a terceira idade e os estudantes, que contarán cunha importante aportación municipal.

## Noitebús

Por outra banda, o Concello renovou todas as liñas de Noitebús ata o vindeiro mes de decembro. Un servizo que o Concello reforza en datas especiais (como as Festas do Apóstolo u Fin de Ano) para ofrecerlles este servizo aos veciños da parte alta do municipio.

## Reciclaxe de tinteiros e toners

O Concello e FAEGA, entidade sen ánimo de lucro que promove a inserción social e laboral de persoas con discapacidade, asinaron un convenio de colaboración para a reciclaxe dos residuos de consumibles de impresión, é dicir, tinteiros e toners de impresoras, fotocopiadoras, etc.

O Concello porá un contenedor “Ecobox” a disposición de todos os veciños que queiran colaborar nesta iniciativa, e que poderán entregar os seus toners usados na Casa da Cultura para a súa reciclaxe.

## Un Brión “Real”

### Os duques de Palma elixen Brión como hospedaxe na súa peregrinación a Santiago

Que Brión ten algo que atrae e namora é algo que todos coñecemos. Dende as campás de Bastavales que enfeitizaron a Rosalía, Brión ten acollido centos de famosos persoeiros, moitos dos cales mesmo decidiron quedar a vivir acó. Os últimos en quedar enfeitizados por Brión foron os duques de Palma. E é que a infanta Cristina e Iñaki Urdangarín, acompañados polos seus pequenos, escolleron Brión como centro das súas actividades na súa viaxe de vacacións a Galicia.

Unha viaxe na que fixeron un tramo do Camiño de Santiago (entre Palas de Rei e Arzúa), na que remontaron o río Ulla e se achegaron ata o Grove e as rías Baixas. Uns días nos que a expedición “real” sempre rematou volvendo a Brión, pois os duques de Palma estiveron hospedados no Hotel Casa Rosalía (Os Ánxeles), por recomendación



duns amigos. Así mesmo, incluso disfrutaron dunha tarde de fútbol cos seus fillos e acompañantes no campo municipal de Brión. A estancia foi tan satisfactoria que mesmo prometeron volver.

# O xardín de Brión: o Concello acondiciona máis de 75.000 metros cadrados de novas zonas verdes

**En breve comezará a construción dunha gran área de ocio en Lamiño con parque infantil, pista de skate e un parque biosaudable para a terceira idade**

Brión e a cor verde son case que dous conceptos inseparables. Verde é o seu logotipo, como verdes son os seus montes e as novas áreas de ocio nacidas ao abeiro da construción das novas urbanizacións. Así está a pasar nas áreas de reparto 7, 8 e 9 (correspondentes ao entorno de Lamiño, Liñares e Alqueidón máis próximos ao río Pego), onde o Concello vén de recibir 43.700 metros cadrados de zona verde que, sumados aos máis de 33.000 do paseo do Río Pego, permitirán poñer a disposición dos veciños máis de 76.700 metros cadrados de zonas verdes.

A última incorporación é unha parcela duns 1.500 m<sup>2</sup> situada a carón do campo de fútbol municipal, onde o Concello vai iniciar nos vindeiros meses as obras de construción dunha gran área de ocio.

Nestes traballos a Deputación Provincial vai investir un total de 100.032 euros.

## Un parque, tres áreas

Din que nunca chove ao gusto de todos, máis esta gran área de ocio de Lamiño está estruturada para demostrar que sempre hai excepcións. Así, esta gran área estará conformada en tres zonas: un parque infantil para os máis pequenos, un parque biosaudable para os maiores con aparellos para facer ximnasia e unha terceira área para a mocidade, con pista de skate. As obras teñen un prazo de execución de dous meses, polo que estarán rematadas en breve.

O novo parque contará cunha serie de sendeiros de grava que comunicarán as distintas áreas do mesmo, que saíran das catro entradas das que



Vista do paseo do río Pego

disporá e que coinciden cos pasos de peóns xa sinalizados. Así mesmo, a área será repoboada con especies frondosas, respectando as árbores xa existentes, de xeito que os veciños disporán tamén de zonas de sombra.

## Cesión de terreos

Para completar esta gran zona verde, o Concello de Brión vén de pedirlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a cesión das dúas rotondas de incorporación e saída da au-

toavía, así como do terreo que discorre debaixo do viaduto da AG-56. O alcalde Xosé Luís García considera que estas zonas, que se achán desleixadas de vez, “son a principal porta de entrada a Brión e están situadas na zona que vertebra os dous núcleos máis poboados do termo municipal, polo que temos especial interese en que presenten un aspecto decoroso”. Así, o Concello pretende conformar unha das maiores áreas verdes do municipio, o auténtico xardín de Brión.



Parcela onde se construíra unha nova gran área de ocio, con parque infantil, circuito biosaudable para a terceira idade e pista de skate



Juan Ramón Pais Andrade, primeiro coordinador da revista "Altamira"  
 "Altamira foi ben acollida porque reflectía a realidade e era pioneira nalgúns temas"

*Toda historia ten un comenzo. E o da revista "Altamira" atopámolo nos primeiros meses de 1985. Nuns tempos nos que non sabiamos que era iso da Internet, nos que comezaba unha nova emisora (chamada TVG) e onde os veciños tiñan dificultades para acceder á información, Juan Ramón Pais recolle a encarga do Concello de Brión: facerlle chegar aos veciños información puntual e obxectiva do que acontecía na súa contorna. Nació así "Altamira", que de seguido "foi ben acollida porque reflectía a realidade tal cal era e mesmo era pioneira en moitos temas", sinala o primeiro coordinador e un dos "pais" desta revista. Vinte anos á fronte dunha revista que "contou coa colaboración desinteresada de xente como Luciano, Hipólito, Santos, Alberto, Viqui, Manolo Cajuso, Moisés..."*

- Como xurde a idea de facer unha revista municipal en Brión?

- Eu tiña experiencia facendo outros medios, como o "Voceiro de Zas", e vin a Brión a ver se podíamos colaborar dalgún xeito. Eran momentos especiais, nos que había que contribuir ao asentamento da democracia e así naceu moita desta prensa.

- Quen a bautizou como "Altamira"?

- Tivemos unha primeira reunión para buscar unha cabeceira e saíron nomes do máis pintoresco: "Gaceta de Brión", "Noticieiro de Brión", "Rosalía"... pero non houbo acordo e decidimos todos darlle

unha volta. Esa noite estivemos buscando algo que identificase Brión pero sen dicir "Brión", e de inmediato xurdíu "Altamira". Na segunda reunión xa eramos varios os que traíamos ese nome, polo que podemos dicir que non houbo un único pai.

- Que lembra da confección do primeiro número?

- A revista naceu cun sistema tipográfico artesanal. Faciamos a montaxe nunha fotocompoñedora, no que tiñamos o ancho das columnas e tiñamos que proporcionar os papeis dese

tamaño co texto a reproducir, que se colocaba nun papel fotográfico con cera por detrás, para ir pegando os compoñentes. Era tal cal un collage. E as fotos ían aparte, os debuxos facíanse a man, as cabeceiras se rotulaban aparte e a man...

- Un traballo de chineses...

- Era moi difícil axustar as cousas. Só a montaxe levaba unhas dúas horas por páxina. No segundo número xa trazamos un esquema, fixemos unhas cabeceiras fixas e montamos unha especie de guía para poder alixeirar o traballo.

- Bendita a chegada do ordenador...

- A primeira "Altamira" por ordenador foi o número 19 (marzo de 1991), co Page-maker. Así, gañamos en flexibilidade e en calidade. De todos modos, direi que nunca dixemos aos colaboradores canto tiñan que escribir, era a revista quen se adaptaba e o seu deseño acomodábase ao artigo en cuestión. Era

**"Altamira foi pioneira en moitas cousas, tratando temas antes de que o fixeran outros medios"**

unha forma de respecto a todos os colaboradores.

- **E cal foi a acollida que lle deron os veciños.**

- Moi boa. "Altamira" non tivo queixa ningunha nin suscitou problemas por faltar á verdade ou dicir cousas inapropiadas. Era neutral, xa que non entraba no debate político, e obxectiva, pois reflectía a realidade tal cal era.

E iso contribuíu ao éxito da revista. Esa sensación de boa acollida tivena un día paseando por Brión, que vin a un paisano coas vacas e lendo a revista. Sentíana deles!. Lembro tamén a unha rapaza, Dora Mirás, que nos enviou unha carta explicando que vivía un pouco aillada en Saíme, que devoraba "Altamira"... Ao final incorporouse á redacción da revista con tanta entrega que, aínda que deixara os estudos aos 20 anos, fixo as probas de acceso á Universidade para maiores de 25 e rematou unha carreira.

- **Falamos dos inicios de "Altamira" dende un punto de vista técnico, falemos agora dos contidos da revista.**

- Esta revista é unha boa ferramenta para coñecer o municipalismo e a súa evolución en Brión. Viñamos dun municipalismo burocrático, no que os concellos eran mero expendedores de permisos e certificados. Non había iniciativas de

ningún tipo. Coa chegada da democracia isto cambia. E na revista hai gráficas que permiten observar como foron medrando os orzamentos dun municipio pequeno e moi rural, e como foi empezando a ofrecer servizos como a recollida do lixo, o saneamento integral, o abastecemento

de auga, a atención aos maiores, a oferta cultural... Iso fixo de Brión un concello exemplar e pioneiro en moitos campos.

- **Eran tempos distintos, política e socialmente falando.**

- A diferenza é que a política se encanallou moito. Ao principio, o importante eran as ideas políticas, todas eran valoradas viñeran do grupo de Goberno ou da oposición. Agora semella que todo está descuberto e moitos políticos van de sabios, cando antes fan de aprendices. Lembro cando o Concello ofrecía as piscinas de balde. Mozos doutras zonas se achegaban e causaban estragos. A solución foi poñer unha cota barata por temporada para o veciño e elevar o prezo dun único día. Así, esa xente deixou de molestar e, por riba, se costearon novos servizos para os veciños. Ese é un exemplo de aprendizaxe.

zaxe política. Ao final, os problemas son os mesmos en todos os sitios e os alcaldes que se preocupan polos seus veciños responden da mesma maneira. Agora, a política foise encanallando e xa non é só criticar, mesmo hai quen se chega a inventar cousas.

- **De que artigo está máis satisfeito?**

- Brión foi pioneiro en moitas cousas e "Altamira" tamén. Anticipabamos cousas fronte a outros medios como os lumes, cando dixemos que a súa orixe estaba no cambio produtivo dunha economía agrícola a unha gandeira e o progresivo abandono do monte. Lembro unha entrevista a Rafael Fernández Vázquez, xefe do destacamento de avións contra os lumes, que tiña casa en Brión, que adiantou todo isto e dixo que non eliminar a maleza era como deixar gasolina no medio do monte.

- **Cal é a entrevista que recorda con máis cariño?**

- Moitas, dende xente da política ou da cultura ata xente sinxela. E teño que dicir que a todos eles lles demos o mesmo tratamento e a mesma importancia. Entendimos que todos tiñan cousas interesantes que dicir.

- **A derradeira é inevitable, como ve á súa criatura 25 anos despois?**

- Recoñézome nela, sinto que é herdeira daquela que puxen en marcha. Despois de tantos anos fun deixando "Altamira" dun xeito natural, pois o cambio é necesario, pero tamén me satisfai ver que se consevan os valores do inicio.

## "Brión foi pioneiro en España en numerosos servizos"

- **O seu lugar favorito de Brión...**

- O entorno da praia de Nináns.

- **A súa mellor lembranza...**

- Os Consellos de Redacción e as súas reunións. Eran unha escola, e divertida, en todos os sentidos.

- **O que máis lle gusta de Brión...**

- Destacaría que, sendo un concello pequeno, foi pioneiro en España en numerosos servizos, como levar o saneamento de augas ao 100% dos veciños.

- **E bota el falla...**

- Fáltalle ser máis grande. Os concellos galegos son moi pequenos e deben crecer.



## O “gato lambón” tentou papar aos pequenos da gardería

Máis de medio cento de pais e nais asistiron á festa de fin de curso da escola infantil municipal, que incluíu unha representación teatral a cargo dos cativos

Os meniños da gardería municipal de Brión celebraron o seu xa tradicional festival de fin de curso coa representación da obra de teatro “O gato lambón”, que correu a cargo dos pequenos de máis de dous anos, cunha pequena axuda dos seus mestres. Unha representación á que asistiron máis de medio cento de pais e nais, que estiveron acompañados polo alcalde Xosé Luís García e pola concelleira de Cultura, Patricia Vázquez.

Durante media hora, os pequenos representaron o conto “O gato lambón”, no que un dos pequenos ía caracterizado deste gato que ía “papando” ao resto de compañeiros. Uns meniños que ían disfrazados dacordo coa súa personaxe, con traxes feitos na propia gardería con materiais de reciclaxe. Entre outros, os pequenos disfrazáronse de vellos, curas (de Bastavales, para máis señas), paxariños, burros, froitas...

Ao rematar a representación, o alcalde agasallou a todos os pequenos cuns lapis de cores, regalo ao que os pequenos corresponderon cun portavelas feito con cartóns de papel de cocíña. Así mesmo, os mestres da escola infantil municipal fixéronlle entrega ás familias dun conto de agasallo, para que llelo lean aos nenos este verán, e unha figura do “Gato lambón”, como non podía ser doutro xeito.



## A cea-baile de fin de curso das actividades para maiores reuniu a 64 veciños e veciñas

Un total de 64 veciños e veciñas de Brión participaron nunha cea-baile de fin de curso para os alumnos e alumnas das actividades para maiores organizadas polo Concello. A cea-baile tivo lugar no restaurante “Tamara”, no veciño municipal de Negreira, e na que participaron alumnos dos cursos de manualidades, ximnasia, teatro, obradoiro da memoria e informática, así como os participantes nas xornadas de saúde no balneario do Tremo.



## As novas tecnoloxías xa non teñen segredos

Máis de cen veciños de Brión veñen de rematar os seus respectivos cursos de novas tecnoloxías, nas súas modalidades de informática de usuario e de informática para maiores. Os alumnos recibiron cadanseu diploma acreditativo.

O alcalde Xosé Luís García anima a todos os veciños a participaren nestes cursos pois “antes dicíase que un era analfabeto cando non sabía ler nin escribir, agora o analfabeto é quen non sabe utilizar un ordenador”.



## Máis de trescentos maiores nunha excursión a Portugal

Un total de 320 veciños, maiores de sesenta anos ou pensionistas maiores de 55 anos, participaron nunha excursión da terceira idade polo norte de Portugal organizada polo Concello. A primeira parada foi unha visita ao santuario de Santa Luzia, na localidade de Viana do Castelo.

Despois, os veciños trasladáronse ata a vila de Áncora, onde xantaron e a maioría aproveitou tamén para botar unhas bailas. Xa pola tarde, e de camiño de volta a Brión, a expedición fixo unha parada en Valença do Minho para visitar esta fermosa vila portuguesa e tamén poder facer as súas compras.

## Tres familias de Brión acollen a tres nenos saharauis

Tres familias de Brión participan este verán na campaña “Vacacións en Paz 2009”, un programa de acollimento organizado grazas á colaboración entre o Concello e Solidariedade Galega co Pobo Saharai. Así, estas tres familias acollen un neno e dúas nenas saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados nos meses de xullo e agosto. Uns rapaces que visitan Brión por segundo ano consecutivo.

A concelleira de Cultura, Patricia Vázquez, e a responsable dos Servizos Sociais, Pilar Martínez, recibiron ás familias e aos tres pequenos, aos que



agasallaron cuns xogos educativos que poderán levar ás súas casas para xogar coas súas familias e amigos. Ademais, Vázquez Lamas ofreceulle ás familias todo o apoio e colaboración do Con-

cello e lles agradeceu “o importante esforzo económico e de tempo que facedes acollendo a estes pequenos, pero creo que é algo que merecen e espero que o pasen moi ben connosco”.



Grupos folk de Indonesia, Illa Martinica e do Senegal encheron de ritmo a carballeira de Santa Minia durante unha nova edición do Festival Internacional de Folclore



## Un verán cheo de actividades

Centos de rapaces participaron nas distintas actividades organizadas dende o Concello

Centos de veciños participaron nas actividades de verán que o Concello programou pensando en todos os gustos e idades. Así, máis de medio cento de rapaces participaron nos obradoiros e no campamento de verán. Dúas actividades lúdicas para eles pero que tamén axudaron aos seus pais e nais a conciliar a vida laboral e familiar. Ademais dos tradicionais obradoiros de cociña e informática, o Concello aproveitou o Ano Santo para organizar unha peregrinación dende O Cebreiro a Compostela. Durante seis xornadas, unha trintena de mozos brioneses percorreu o Camiño, facendo unha media de 22 quilómetros diarios. Así mesmo, un grupo de afeccionados brioneses á patinaxe participou de balde nun campus de verán organizado por Campus Stelleae, que reuniu a 65 alumnas baixo a batuta de Alina Sabaté, campiona do mundo de patinaxe en 2007.



Un total de 65 patinadoras participaron no Campus Stelleae, celebrado no polideportivo briones

A programación completouse con actividades tradicionais como o Festival Internacional de Folclore ou as Noites de Cine, que este ano tamén chegaron ás parroquias de Bastavales, Luaña, Os Ánxeles e Pedrouzos.



Peregrinación xuvenil a Santiago



Os artistas deixáronse enfeitizar polo entorno da Igrexa de Bastavales e o son das súas campás

## Brión, capital nacional da arte

Trinta artistas plásticos (pintores, acuarelistas e fotógrafos) e poetas participaron na quinta edición dos Encuentros coa Arte, que estiveron adicados este ano a Uxío Novoneyra. Trinta grandes figuras da arte que fixeron de Brión a capital nacional da arte, aínda que tan só fose durante unha fin de semana.

E así foi, xa que o tempo acompañou e iso facilitou tanto o traballo dos artistas como a súa accesibilidade aos veciños de Bastavales, Pedrouzos e Os Ánxeles, enclaves escollidos para as sesións de pintura ao natural. Trinta deses traballos forman parte xa da pincoteca municipal de Brión e conformarán unha exposición en 2011.



# Ti a Brión, eu a Guillena...

Un total de 165 mozos e mozas participan no intercambio xuvenil entre Brión e Guillena

Un total de 165 mozos e mozas, 85 de Brión e outros 80 de Guillena (Sevilla), participaron este verán nun novo intercambio xuvenil organizado polos concellos de Brión e Guillena. Uns vínculos que xa teñen historia, pois comezaron aló polo 1992 coincidindo coa Exposición Universal de Sevilla e continuaron un ano despois coa visita de mozos sevillanos co gallo do Xacobeo'93. Froito desta inesquecible experiencia de convivencia entre mozos de Galicia e Andalucía naceu o denominado "Espírito de Guillena", un sentimento de camaradería e amizade que perdura dezoito anos despois, e que mesmo foi afianzado cun novo intercambio nos anos 2005 e 2006, que deixou unha profunda pegada nos mozos de Guillena e Brión.

Así o refrendaron estes 165 mozos e mozas que participaron no intercambio deste ano que, como gran novidade, se celebrou consecutivamente: primeiro foron os brioneses a Sevilla e, de volta, xa viñeron cos mozos sevillanos. Os 85 brioneses aproveitaron a súa estancia en terras andaluzas para coñecer a cidade de Sevilla, o Santuario do Rocío (Huelva), as praias de Mazagón e a vila de Aracena, onde realizaron unha visita guiada a "La cueva de las Maravillas". Tamén se desprazaron ata Córdoba, onde coñeceron a Mezquita e o complexo arqueolóxico de Medinat Al-Zahra; e Cádiz. Finalmente, en Guillena disfrutaron de diversas actividades organizadas especialmente para eles: un concerto de música celta, unha festa do humor e unha visita á "Ruta del Agua", sen dúbida, a actividade máis aclamada da viaxe.

Pola súa banda, ademais de coñecer Brión, os guilleneros e guilleneras tiveron a ocasión de visitar fermosos enclaves



Expedición de 85 mozos e mozas de Brión durante a súa visita a Sevilla, diante da Torre de Ouro



Os 80 rapaces de Guillena fixeron un percorrido por toda Galicia. Na imaxe, fronte a catedral de Tui

galegos como Ézaro-Carnota-Muros, as Rías Baixas o santuario de Santa Tegra ou as Illas Cíes. Ademais, mesmo fixeron o último tramo do Camiño Francés, en-

tre o Monte do Gozo e a Catedral, para logo coñecer Santiago, dando fe de que o "Espírito de Guillena" está máis vivo ca nunca.



A expedición brionesa foi recibida polas autoridades do Concello de Guillena



Os rapaces sevillanos completaron a última parte do Camiño de Santiago

# Brión abre en setembro o prazo de inscrición nas actividades culturais e deportivas

O Concello abrirá o vindeiro mes de setembro o prazo de inscrición nas actividades culturais e deportivas programadas para o curso 2010-2011. Os veciños terán todo o mes de setembro para anotarse na Casa da Cultura.

Así, a Concellería de Deportes convoca un ano máis as escolas deportivas municipais, para nenos e nenas de 6 a 16 anos de idade, con tenis, fútbol-sala, fútbol-7, baloncesto, patinaxe, ximnasia rítmica e iudo. Unha oferta que se completa con actividades de desenvolvemento psicomotriz para os máis pequenos (Predeporte para nenos e nenas de 3 a 6 anos) e deporte para adultos, con ximnasia de mantemento, ioga, pilates e aeróbic.

No que atinxe ás actividades culturais, ademais da posibilidade de participar na Banda de Música Municipal, o Concello convoca unha nova edición de Xogando cos Contos e da Escola Municipal de Danza e Música Tradicional, que ofrecerá: baile galego, pandeireta e a súa combinación. A oferta complementase con clases de baile moderno. En todos os casos haberá distintos grupos de acordo coa idade e o nivel dos alumnos.

Todas estas actividades culturais e deportivas teñen unha matrícula de 40 euros, salvo as de deporte para adultos, que ascenden a 80 euros. Unha oferta que o Concello completa con obradoiros de pintura (para rapaces de 6 a 13 anos), inglés (para nenos de 4 a 9 anos) e novas tecnoloxías (de 4 a 15 anos). En todos os casos, programaranse varios grupos de acordo coa idade dos participantes. Máis información e anotacións na Casa da Cultura.



## Teatro, música e maxia no "Outono Cultural"

A Concellería de Cultura ten preparado un intenso programa cultural para os vindeiros meses que se abrirá o vindeiro 24 de setembro coa exposición "Exvotos para Minia", unha serie de fotografías de Manolo Blanco que recollen a romaría de Santa Minia en distintas épocas. A mostra poderá ser visitada no Espazo das Artes.

Así mesmo, nos meses de outubro e novembro terá lugar a terceira edición do Ciclo de Teatro Afeccionado "Pedra do Moucho". Polo local social de Ons, ás 20:30 horas, pasarán o Grupo de Teatro Badius con "Xoo... ante o perigo!" (9 de outubro), o Grupo de Teatro Ullán con "Xuizo no bosque ou soñar non costa nada" (23 de outubro), O Aturuxo

de Melpómene con "Non todos os ladróns veñen por mal" (6 de novembro) e Candelaxas con "Hotelris@humor.com" (20 de novembro). A entrada, como sempre, de balde.

Ademais, a Concellería de Cultura traballa nun novo ciclo de teatro en Pedrouzos, en colaboración coa Federación Galega de Teatro Afeccionado. Serán tres representacións que terán lugar no centro social polivalente os días 12, 13 e 14 de novembro. Un "Outono Cultural" que se completará co espectáculo "U-la radio", unha actuación de "Os Bolechas", un espectáculo de música, outro de maxia e a representación de "A lingua das bolboretas" a cargo de Teatro del Andamio, cuxas datas aínda están por confirmar.

# Un setembro cheo de festas

A romaría de Santa Minia inclúe este ano a novidade dun amplo programa de actividades lúdicas e culturais paralelas entre o 25 e o 27 de setembro

Chega setembro e, un ano máis, Brión estoura en festas. É a tradición, máis non inmovilismo, como ben demostra esta edición da romaría de Santa Minia. Ao seu tradicional cartel de actividades relixiosas e festivas, Santa Minia incorporará este ano unha intensa programación cultural, froito da colaboración acadada polo Concello coa Consellería de Cultura e Turismo e coa Deputación da Coruña. Isto suporá que “este ano en Santa Minia tamén haberá espectáculos na rúa, títeres, grupos de samba e actuacións de grupos de música tradicionais”, sinala o técnico de Cultura, Alberto Álvarez.

Froito desa colaboración, tanto os veciños como os milleiros de romeiros que nos visiten poderán disfrutar de espectáculos a cargo de grupos como Viravolta Títeres, labadabadú Festicultures ou Gostoso Pa. A música seguirá tendo un papel primordial, pois ás habituais orquestras e charangas sumaranse as actuacións do grupo de samba Zum Bom, do grupo de gaitas Catalmibre, da banda de gaitas Robaleira e da agrupación folclórica Colexiata do Sar. Os rapaces da escola de baile e pandeireta de Brión e a Banda de Música Municipal porán a nota local.

Con estas novidades, o Concello reforza a súa aposta pola romaría de Santa Minia, mantendo o seu compoñente relixioso e festeiro ao tempo que recupera e potencia o seu aspecto cultural. Así, no entorno da capela de Santa Minia volverán resoar os acordes das gaitas e das pandeiretas que noutros tempos eran traídos polos propios veciños, que baixaban á carballeira para pasar un día completo de festa.



## CITAS

- Domingo 5 de setembro. FESTA DOS VELLÓS.

Anotacións na Casa do Concello ou no 981 88 70 06.




- 18 e 19 de setembro. XXVIII FESTA DO CABALO.

Uns 300 exemplares concursarán en Rañalonga.



- Domingo 3 de outubro. XXVIII CARREIRA PEDESTRE DA AMAÍA.

Anotacións na Casa da Cultura ou no 981 50 99 08. Non se admitirán inscrición o día da carreira.



## Sábado 25



16:00 h. Cé Orquestra Pantasma. “Home orquestra”  
18:00 h. Charanga “Os Celtas”.  
20:00 h. Escola de baile galego e pandeireta de Brión  
23:00 h. Orquestra ALARMA



## Domingo 26

10:00 h. Charanga “Os Celtas”.  
11:00 h. Grupo de gaitas e baile tradicional Catalmibre.  
12:00 h. Banda de gaitas Robaleira.  
13:00 h. Banda de música municipal de Brión  
14:00 h. Sesión vermú coa orquestra Versalles  
17:00 h. Viravolta Títeres  
19:00 h. labadabadú Festicultores, “Magnifique bande dos homes sen medo”  
22:30 h. Orquestras Versalles e Gran Parada  
0:00 h. Fogos de artificio e queima da fachada

## Luns 27

11:00 h. Charanga NBA  
12:00 h. Agrupación folclórica Colexiata do Sar  
14:00 h. Sesión vermú coa orquestra Palladium  
17:00 h. Gostoso Pa. “Animación circense”  
19:00 h. Grupo de samba “Zum Bom”  
22:30 h. Orquestras Palladium e La Oca



# Brión será sede da "Galicia F7 Cup" para as comarcas de Santiago, Noia, Barbanza e Xallas

O estadio municipal de fútbol de Brión será a sede da "Galicia F7 Cup" para os equipos das comarcas de Santiago, Noia, Sar, Xallas, A Barcala e Barbanza. Trátase dun campionato galego de fútbol 7 afeccionado que se disputará nas sedes de A Coruña, Brión, Narón e Vigo. A competición xogarase de luns a venres, ás 20:30 horas. Os organizadores agardan reunir un mínimo de 10 e 12 equipos, dun máximo de 18 xogadores cada un. Así o apuntou o responsable de Relacións Públicas e Eventos de Futbolcoruna.com, Pablo Juane.

A concelleira de Cultura, Patricia Vázquez, agradeceu a invitación de Futbolcoruna.com para que Brión sexa sede deste campionato e destacou que "somos un concello que



Patricia Vázquez, Pablo Juane e Xosé Manuel Trigo durante a presentación da "Galicia F7 Cup"

estamos co deporte e para nós é unha honra acoller aos equipos da comarca de Santiago".

Pola súa banda, o técnico de Deportes, Xosé Manuel Trigo, sinalou que "Brión, ademais

de aportar unhas instalacións modernas e funcionais, está moi ben situada, a 5 minutos de Santiago e moi preto de Ames e Padrón". Os gañadores desta fase local pasarán a disputar unha Fase Final Galega e

o campión participará na Fase Nacional da GureSport F7 Cup.

As inscricións poden xestionar en [www.futbolcoruna.com](http://www.futbolcoruna.com), en [pjuane@futbolcoruna.com](mailto:pjuane@futbolcoruna.com) ou no 634 689 458.

## II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA AMBIENTAL BRIONATURA

**TEMA**  
Os diferentes elementos patrimoniais do Concello de Brión. As instantáneas deberán estar tomadas nalgún punto da xeografía do concello e terase en conta a súa orixinalidade e a creatividade.

**PREMIOS**  
1º - CEA, NOITE DE HOTEL, ALMORZO E CIRCUITO TERMAL NO HOTEL BALNEARIO DE COMPOSTELA  
2º - CEA, NOITE DE HOTEL E ALMORZO NO HOTEL CASA ROSALÍA  
3º - CEA OU XANTAR NO ASADOR CASA ABELLEIRA

**OUTRA INFORMACIÓN**  
Admisión de traballos ata as 14:30 hrs. do día 24 de Setembro de 2010  
Cada participante pode presentar un máximo de tres propostas  
As 12 fotografías finalistas pasarán a ser propiedade do Concello coas calles se confeccionará o calendario BRIÓN 2011.  
Podes consultar as bases completas en [www.concellodebrión.org](http://www.concellodebrión.org)

Concello de Brión  
[www.concellodebrión.org](http://www.concellodebrión.org)

COMPOSTELA ROSALÍA ABELLEIRA

## Convocada a segunda edición do concurso de fotografía ambiental Brionatura

O Concello vén de convocar a segunda edición do concurso de fotografía ambiental Brionatura. Un certame do que saíran as doce imaxes que servirán de base para a elaboración do calendario Brión 2011, que se repartirá canda o vindeiro número da revista "Altamira".

O concurso está aberto a todos os veciños maiores de idade, exceptuando aos profesionais da fotografía. Terá como temática os diferentes elementos patrimoniais de Brión, polo que terán que estar tomadas nalgún punto do municipio. Cada concursante poderá presentar un máximo de tres propostas, en formato non inferior a un folio

e baixo o sistema de plica. O prazo de presentación de orixinais estará aberto ata o vindeiro 24 de setembro nas oficinas xerais do Concello.

Para as tres mellores fotografías están reservados tres premios. O gañador recibirá unha cea, noite de hotel, almuerzo e entrada ao circuito termal no Hotel Balneario de Compostela para dúas persoas. O segundo clasificado levará unha cea, noite de hotel e almuerzo no Hotel Casa Rosalía para dúas persoas. Finalmente, o terceiro clasificado levará unha cea ou xantar no Asador Casa Abelleira pra dúas persoas. Os tres premiados recibirán tamén cadanseu lote de libros.

# A viaxe itinerante da Casa do Concello


Está a punto de inaugurarse a nova Casa do Concello de Brión no edificio rehabilitado do número 79 da avenida de Santa Minia de Pedrouzos, coñecida como Casa de Picón. Que se saiba, será esta a sexta sede do noso consistorio ao longo da súa historia de 140 anos.

Cando a creación dos concellos por Real Decreto do 15 de xuño de 1836, Brión carecía de edificio propio no que instalar as oficinas e despachos municipais. Así andou por locais alugados durante máis de noventa anos. Primeiramente estivo no Moutello (entre Riazoas e Pedrouzos). Unha acta do concello de 1844 conta dunha reclamación da propietaria Luísa Santiso para que se lle pague o aluguer da "sala capitular". Uns anos máis tarde (1849) o dicionario de Pascual Madoz sinala o lugar de Riazoas como "residencia del ayuntamiento". Estes dous datos induciron a Clodio González en "Brión, historia..." ao erro de crer que eran dous edificios distintos, un no Moutello e outro en Riazoas, cando se trata do mesmo que, propiamente pertence a Pedrouzos, pero moi próximo a Riazoas.

No Moutello debeu estar o consistorio uns trinta anos ata que se trasladou a outro local alugado en Pedrouzos, onde hoxe é Bar Altamira. Clodio González di que o traslado se produciu "contra o ano 1869". Na parede frontal deste edificio campea unha inscrición indicando que alí está a "casa consistorial".

## Século vinte

Polos anos vinte do século pasado, Brión estaba experimentando un dos períodos máis prósperos da súa historia, fundamentalmente grazas á confluencia de tres factores: o incremento dos prezos agrícolas nos anos posteriores á Grande Guerra, ao florecemen-



A "Casa do Picón" hai cincuenta anos

to da feira de Brión e ás remesas que enviaban os emigrantes americanos, sobre todo da Habana. Ao mesmo tempo, o balneario do Tremo estaba no seu apoxeo, tanto que no ano 1924 lle está disputado a capitalidade do municipio a Pedrouzos (ver o nº 68-2007 de Altamira).

Estas circunstancias permitiron pensar na construción dun edificio de seu para consistorio. Á fin, no ano 1927, o "indiano" Vicente Ramos, creador entre outras iniciativas da feira de Pedrouzos, dóalle ao concello o alpendre da Carballeira de Santa Minia, onde está a alfóndega da feira, para construír sobre el as dependencias municipais e xulgado. De contado, se crea unha comisión cidadá presidida polo médico Ramón Vilanova Picón e habílanse créditos extraordinarios para acometer a obra, que se inaugura finalmente no outono de 1929. Este edificio hoxe está destinado a casa da cultura e ata a década dos sesenta do século XX mantivo nos baixos a alfóndega e dependencias da feira, que foron nesa época ocupados polo vulga-

do de paz e pola centraliña telefónica e vivenda da telefonista.

No ano 1980 acometeuse a rehabilitación integral do edificio –un fermoso proxecto do arquitecto César Portela que mereceu un premio da Unión Europea– e, mentras tanto, as oficinas municipais trasladáronse para as vivendas da escola dos Anxeles, volvendo en 1982 para o edificio rehabilitado.

A complexidade crecente da vida municipal forzou de contado a procurar un edificio con máis capacidade e, en 1992, decidiuse trocar coa casa da cultura, construída cinco anos antes polo lesta da mesma carballeira de Santa Minia, a sede municipal. Este novo edificio tampouco resistiu o aumento progresivo das necesidades municipais e experimentou sucesivas ampliacións en 2001 e 2006.

A fin, esta Santa Minia de 2010 traeranos a inauguración do novo consistorio na remozada casa de Picón. Será a derradeira?

# Altamira

Revista Municipal do Concello de Brión

ESTE ESPAZO  
PUBLICITARIO  
VALE

50€

Se tes unha empresa e  
queres publicitare na  
Revista Altamira ponte  
en contacto no  
981 88 70 06



## Emosar

ESTRUCTURAS METALICAS SAR

- Cerrajería en general
- Trabajos en hierro, aluminio, inox, latón y cobre
- Automatismos
- Estructuras metálicas

José Ramón Sar Grobas



Cirro, 19, San Salvador • 15280 Brión (A Coruña)  
Telf/Fax: 981 888 783 • Móvil: 616 444 309

# PASATEMPOS

## SUDOKU FÁCIL

	4	2		6	7		8	
8	3	5						7
			8			4	5	2
				5			4	
6			7	4			3	
					6	2		5
	9	8	4	7	5		2	
		6			3		1	
				8		5		

## SUDOKU DIFÍCIL

		9	3					6
4								7
		2			5	4		
								8
		5	2		3			4
8	2		4		9	3	6	5
	8	6				5		
		4				6		
	9		7	3				4

## Un pouco de humor...




## Curiosidades...

### Torres de Altamira

Durante estes días, e con motivo das obras de mantemento realizadas no entorno das Torres de Altamira, chegounos ao Concello o seguinte plano. Nel pódese observar como eran as Torres cando aínda non estaban derruidas (agora mesmo só se conserva o Pozo ou cisterna e a zona interior de habitacións, así como parte da Grande Torre).

Foi destruída polos irmandiños e posteriormente asediada no ano 1471 polas tropas do arcebispo de Santiago, baixo o mando de Luis de Acevedo, sen moita sorte. A fortaleza chegou a ter seis torres, un pozo, dúas cañoneiras, e un foso de terra ademais dun cómodo pazo e unha capela.

Curiosamente, o plano está asinado por Xan López Freire (Cereixo, Vimianzo 1731-Santiago 1801). Un construtor e arquitecto que participou en boa parte dos edificios neoclásicos de Santiago como o pazo de Raxoi, o colexio da Compañía de María, a capela das Ánimas ou a igrexa de Santa María do Camiño. Tamén deseñou os planos da igrexa de Ons e da Ponte Maceira.



## BRIÓN NA PRENSA

### tierras

de Santiago

11/05/2010 | Os veciños de Brión practican sendeirismo nas Fragas do río Eume.

04/05/2010 | A comunidade educativa do colexio brionés de Pedrouzos propón un candidato a director.

27/04/2010 | Uns 342 ciclistas déronse cita na I Marcha cicloturística.

### La Voz de Galicia

23/05/2010 | Un centenar de persoas camiñan ata Santiago para pedir que a ruta de Noia sexa xacobeá.

20/05/2010 | O corredor da AG-56 entre Brión e Martelo quedará listo no verán.

11/05/2010 | A Feira do Libro de Brión, que concede especial atención aos nenos, cumpre vinte edicións.

### El Correo Gallego

07/05/2010 | Pedrouzos acolle un ciclo de cinema manga gratuíto os domingos.

28/04/2010 | Empuxón nos estudos e relacións sociais con talleres para 21 brioneses.

28/04/2010 | Propoñen un candidato a director para o colexio de Pedrouzos 'in extremis'.

# Última hora...

“Altamira” quere recoller o fondo pesar existente en Brión pola prematura morte do ilustre fotógrafo, amigo e veciño Luís Alonso Ocaña. Nacido en Vigo, Luis Alonso Ocaña non só residiu en Brión, senón que mantivo unha relación moi intensa con este municipio, a quen lle adicou moitas das súas obras. Un claro exemplo é o libro de fotografía “Brétemas Luzadas”, que recolle diversas paisaxes do termo municipal de Brión. Déixanos un artista da fotografía que, cando ollaba os obxectos e paisaxes a través da súa cámara, amosábanos aspectos nos que non atinamos a reparar a simple vista. Isto é o que converte ás súas fotografías en obras de arte. De feito, “Brétemas luzadas” é unha invitación a redescubrir a paisaxe de Brión, polo que o Concello adoita regalalo cando un novo veciño se empadroa.

Ademais de participar nos Encontros coa Arte, Luis Ocaña tamén realizou unha exposición, denominada “Am-bivalencias”, na que recollía as distintas formas das árbores que compoñen a carballeira de Santa Minia. Os seus últimos traballos foron as exposicións “Galicia, capital del Camino” no Xapón. Dende “Altamira” queremos transmitirle á familia o noso máis sentido pésame pola súa perda.



# 25 años



## Concello de Brión

Carballeira de Santa Minia nº 21  
15865 - Pedrouzos - Brión  
Telf.: 981 88 70 06 Fax: 981 88 74 31  
mail: [concello@concellodebrion.org](mailto:concello@concellodebrion.org)  
web: [www.concellodebrion.org](http://www.concellodebrion.org)